



ANDREA CAMILLERI

DOSSIER DE LECTURA ELABORADO POR
SILVIA SALGADO EN COLABORACIÓN
COAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS

FALADOIROS LITERARIOS & CLUBS DE
LECTURA

O SEU ESTILO MESTURA ITALIANO ESTÁNDAR CO DIALECTO SICILIANO, CREANDO UNHA ESCRITA VIVA E MUSICAL. ISTO APORTA AUTENTICIDADE E PERMITE AO LECTOR ACHEGARSE Á CULTURA SICILIALNA DUN MODO DIRECTO E DIVERTIDO.



CAMILLERI


Andrea Camilleri (Porto Empedocle, Sicilia, 1925 – Roma, 2019) foi un dos escritores italianos máis populares do século XX e comezos do XXI. Traballou como director teatral e guionista, mais acadou a fama internacional como novelista, especialmente pola serie protagonizada polo comisario Salvo Montalbano.

Siciliano fondamente ligado á súa terra, Camilleri combinou lingua italiana con expresións e léxico do dialecto siciliano, creando un estilo único, irónico e profundamente humano. A súa obra adoita tratar temas como a corrupción, o poder político, a memoria histórica ou as contradicións da sociedade italiana.

POR QUE O LEMOS

Porque é un contador de historias excepcional. Camilleri escribe cunha naturalidade que fai que as súas novelas se lean con pracer. A súa voz narrativa é cálida, irónica, e profundamente humana. Consegue que o lector sorría mesmo cando trata temas serios. Porque combina entretemento e reflexión e os seus personaxes son inesquecibles,

A PENSIÓN EVA



Querido lector, querida lectora: escollemos A PENSIÓN EVA para incluílo no noso monográfico UN PAIS INVITADO: ITALIA. En breve comentaremos no noso espazo e tempo de encontro.

Durante os anos da Segunda Guerra Mundial, os cuartos da Pensión Eva, na vila siciliana de Vigatà, convértense en refuxio dos seus habitantes. Ademais, esa estraña 'pensión' é unha presenza misteriosa para Nenè, un rapaz que, ata que logra penetrar na casa, non esperta á vida completamente. A pensión Eva é unha novela de iniciación á vida, á descuberta do sexo, do amor e da amizade nos tempos duros e sen esperanza da guerra. Mentres homes e mulleres matan e morren, ao redor da Pensión Eva concéntrase a historia íntima do pobo siciliano. Unha historia que se personifica no espertar da curiosidade dun rapaz polo sexo e remata coa descuberta do amor, nun intento por entender o mundo e chegar a saber que é o que realmente importa. Un espazo prohibido, o da pensión, que esconde as fantasías eróticas e tamén as arelas dunha sociedade atormentada pola guerra e o fascismo. Camilleri sorprende cunha novela tenra que non evita certa crueldade, e que engaiola polos personaxes, moi próximos aos das películas de Fellini, nos que a aparente tolería agacha, en realidade, unha inmensa verdade.

Publicada en 2006, A pensión Eva é unha das novelas máis autobiográficas de Camilleri. Localízase en Vigàta, a cidade ficticia creada polo autor como metáfora e espazo literario inspirado directamente en Porto Empedocle, a súa vila natal.

A obra sitúase na Sicilia da posguerra, unha sociedade marcada pola miseria económica, os traumas da Segunda Guerra Mundial e a confusión moral dun país que tenta reconstruírse.

O narrador, Nenè, lembra episodios da súa adolescencia e mocidade ao redor dun lugar mítico para el e para moitos homes de Vigàta: a Pensión Eva, un burdel que funciona tamén como espazo de aprendizaxe emocional, sentimental e incluso política.

TEMAS PRINCIPAIS

- Memoria e formación persoal: a novela é un relato de aprendizaxe, de tránsito da infancia á idade adulta.
- Hipocrisía social: a pensión funciona como símbolo das contradicións morais dunha sociedade conservadora.
 - Sexualidade e desexo: tratados con humor, naturalidade e un punto de tenrura.
- A violencia histórica: a guerra, o fascismo e as súas consecuencias.
- Identidade siciliana: tradicións, dialecto, gastronomía, relacións sociais.

QUE CRES QUE REPRESENTA A PENSIÓN? CAL É A SÚA METÁFORA?

Lendo espéroche

Silvia Salgado